

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA (FACEV) PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SOCIO ASISTENCIAL ESPECIAL E SANITARIA DE EMERXENCIA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Apoio a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Apoio a la Ciudadanía Española en Venezuela co fin de contribuír ao financiamento dos servizos de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ao colectivo de persoas galegas residentes en Venezuela que, por razóns exclusión social, idade, carencia ou de dependencia, se atopan en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan e ás que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: A Fundación Apoio a la Ciudadanía Española en Venezuela é unha entidade xurídica civil de carácter privado, sen fin de lucro, creada para prover asistencia social, benéfica e de axuda a cidadáns e cidadás españois residentes na República Bolivariana de Venezuela. Na súa misión está prestar socorro en situacións de emerxencia e por necesidades económicas para a asistencia médica e familiar de persoas necesitadas que non poidan prover por elas ou polas súas familias.

En Venezuela existe unha gran colonia de persoas emigrantes españolas, na súa maioría galegas ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo con necesidades urxentes de atención non cubertas a través doutros instrumentos de colaboración, en especial de xente maior ou con carencias, que precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida dignas, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de



actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única destas características que opera en todo o país.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de persoas emigrantes galegas, residentes en Venezuela que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presenten problemas asociados de carácter social e humanitario.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de vinte mil euros (20.000€) para o financiamento das accións recollidas no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración
Antonio Rodríguez Miranda

